

Visto o expediente 148/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública

Núm. Expediente: 148/2026

Interesado: . . .

Organismo: Consellería de Economía e Industria

ANTECEDENTES

Primeiro. O 27.3.2026 o interesado interpuxo ante a Comisión da Transparencia de Galicia unha reclamación, ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación presunta da solicitude de acceso presentada o 24.2.2026 ante a Presidencia da Xunta de Galicia.

Xunto coa reclamación o reclamante achegou unha copia da súa solicitude ao memorando de entendemento asinado coa empresa ... o 1.1.2021.

O reclamante manifestou no escrito reitor da súa reclamación que solicitou o acceso ao mencionado memorando ante a Presidencia da Xunta de Galicia por canto a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, nunhas declaracións públicas realizadas o 23.2.2026, manifestou ter coñecemento do memorando.

No entanto, engade o reclamante, tras a presentación da súa solicitude de acceso, dende a Presidencia da Xunta de Galicia se lle informou que a súa solicitude de acceso fora trasladada á Consellería de Economía e Industria ao entender que se trataba de unha petición relacionada coas competencias da Consellería. A este respecto o reclamante considera que esta actuación desvirtuou a súa solicitude pois o seu obxecto era instar o acceso ao memorando

que, ao seu xuízo e con base nas declaracións realizadas polo presidente da Xunta de Galicia, ten que estar en poder da Presidencia por mor do exercicio das súas competencias.

Segundo. O 9.4.2026 a Comisión da Transparencia solicitou da Consellería de Economía e Industria a remisión do expediente administrativo ao que deu lugar a solicitude do 27.3.2026, así como a emisión dun informe sobre a reclamación presentada.

Terceiro. O 30.4.2026 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria emitiu un informe sobre a reclamación presentada.

Xunto co informe achegouse unha copia da Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do 30.4.2026, pola que se inadmitiu a solicitude de acceso do 24.2.2026.

Cuarta. O 4.5.2026 o reclamante comunicou a esta Comisión que o 30.4.2026 se lle notificou a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria da mesma data pola que se inadmitiu a súa solicitude de acceso.

Neste mesmo escrito o reclamante manifestou que a Resolución do 30.4.2026 obvia a súa petición expresa de obter o documento da Presidencia da Xunta de Galicia, considerando o reclamante que este departamento, á vista das declaracións realizadas polo seu titular, debeu adquirir o documento no exercicio das súas funcións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada LTBG establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da LTAIP.

Neste punto é importante considerar que o artigo 23.1 da LTAIP establece que as reclamacións en materia de acceso á información pública terán a consideración de substitutivas dos recursos administrativos, para os efectos do disposto no vixente artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC). Segundo este artigo 112.2 da LPAC:

“As leis poderán substituír o recurso de alzada, en supostos ou ámbitos sectoriais determinados, e cando a especificidade da materia así o xustifique, por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje, ante órganos colexiados ou Comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas,

con respecto aos principios, garantías e prazos que a presente Lei recoñece ás persoas e aos interesados en todo procedemento administrativo”.

A configuración legal das reclamacións en materia de acceso á información pública coma un recurso substitutivo do recurso de alzada, de carácter potestativo, así coma o teor do artigo 112.2 *in fine* da LPAC, determinan xa a aplicación das previsións da LPAC en materia de recursos administrativos ao procedemento destas reclamacións. Así se establece, de feito, no artigo 24.3 da LTAIP, segundo o cal “*A tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*”¹.

Terceiro. Prazo para a interposición da reclamación

O artigo 24.2 da LTAIP prevé como “*A reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo*”, debendo considerarse neste punto que, de acordo co artigo 20.4 da mesma lei, para o caso de falta de resolución das solicitudes en prazo, estas se entenderán desestimadas.

Pois ben, as previsións do artigo 24.2 da LTAIP han de entenderse moduladas, no que atinxe ao prazo para a interposición da reclamación no caso de desestimación presunta da solicitude, polo previsto no artigo 122.1 da LPAC que, ao regular o prazo para a interposición do recurso de alzada, establece que “*Se o acto non fora expreso o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos*

¹ A referencia á Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, hoxe derogada, debe entenderse realizada á LPAC.

do silencio administrativo”. Respecto á inexistencia dun prazo preclusivo para reclamar contra as desestimacións presuntas en materia de acceso, tamén se pronunciou o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no Criterio interpretativo 1/2016, do 17 de febreiro.

Segundo resulta da documentación incorporada ao expediente, na data de interposición da reclamación, o 27.3.2026, xa transcorrera o prazo dun mes co que contaba a Administración para ditar resolución por canto a solicitude de acceso presentouse con data do 24.2.2026.

No entanto, tal e como sinala o reclamante e refire o informe da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria, o 30.4.2026 notificouse ao reclamante unha resolución de inadmisión da súa solicitude de acceso.

Por outra banda, cómpre sinalar que o 4.5.2026 o interesado formulou alegacións ante esta Comisión, nas que manifestou a súa oposición á Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria do 30.4.2026, polo que se inadmitiu a súa solicitude, pois, entende, nela se procedeu a desvirtuar a súa solicitude de acceso, que dirixira á Presidencia da Xunta de Galicia ao entender que o documento solicitado fora adquirido por este último departamento no exercicio das súas competencias.

Aínda que, en puridade, a oposición á resolución expresa do 30.4.2026 debería formularse polo interesado coa presentación dunha nova reclamación ante esta Comisión, razóns de eficacia e economía procedemental aconsellan o exame neste procedemento do acomodo a Dereito da contestación e acceso concedido ao reclamante, especialmente se temos en conta que o expediente ofrece todos os elementos de xuízo precisos para a resolución do asunto.

Cuarto. O dereito de acceso á información pública

A Constitución española establece no seu artigo 105 b) que a lei regulará o acceso da cidadanía aos arquivos e rexistros administrativos, salvo no que afecte á seguridade e defensa do Estado, á investigación dos delitos e á intimidade das persoas.

A este respecto a Sentenza do Tribunal Constitucional 164/2021, do 4 de outubro, indicou como este precepto non recolle unicamente un principio reitor da actuación das Administracións públicas, senón un auténtico dereito público subxectivo practicable fronte a aquelas. Sinalou así a precitada sentenza:

«El art. 105 b) CE, encuadrado en el título IV, "Del Gobierno y de la Administración", incorpora un principio objetivo rector de la actuación de las administraciones públicas (art. 103.1 CE), derivado de exigencias de democracia y transparencia, así como un derecho subjetivo de las personas, ejercitable frente a las administraciones, con sujetos, objeto y límites definidos en el propio precepto constitucional, que fue desarrollado inicialmente en los arts. 35 h) y 37 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común , y actualmente en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.

(...)

A la vista de lo expuesto, debe señalarse que el acceso a la información integra el contenido de un derecho público subjetivo ejercitable frente a la administración que, no siendo absoluto, solo puede ser limitado por motivos predeterminados en la ley, en virtud de una previa ponderación de los intereses en juego. De este modo, la posibilidad de limitar el acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la administración».

No mesmo sentido pronunciouse o Tribunal Supremo nas Sentenzas do 7.2.2023, rec. 8005/2021, e do 21.4.2023, rec. 350/2022, salientando tamén este Tribunal nas Sentenzas do 29.5.2024, rec. 1262/2023, e do 11.9.2025, rec.

7878/2024, a estreita relación do dereito de acceso á información pública coa transparencia na actuación administrativa e co principio de boa administración recollido no artigo 41 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Tratándose, xa que logo, o dereito de acceso dun auténtico dereito subxectivo da cidadanía fronte ás Administracións públicas, o artigo 13 d) da LPAC recolleu, coma un dereito das persoas nas súas relacións con elas, *“o dereito de acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico”*.

Como sinala a exposición de motivos da LTAIP, o acceso á información pública debe ser un dos eixos fundamentais da acción política pois *“só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”*.

Neste sentido o dereito de acceso á información pública vén atribuído a todas as persoas (artigos 12 da LTAIP e 24.1 da LTBG), sen que estas teñan a obriga de motivar a súa solicitude de acceso á información (artigos 17.3 da LTAIP e 26.4 da LTBG).

E, respecto do que ha de entenderse por *“información pública”*, o artigo 24.1 da LTBG, seguindo o disposto no artigo 13 da LTAIP, defínea coma os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que foran elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, engadindo que tamén se considerará información pública, a producida polas entidades que presten

servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, nos termos contemplados no artigo 4 da lei.

Deste xeito, a normativa de transparencia delimita o ámbito material do dereito a partir dun concepto amplo de información, que abrangue tanto documentos coma contidos específicos e se estende a todo tipo de “*formato ou soporte*”. Ao mesmo tempo, acouta o seu alcance, esixindo a concorrencia de dous requisitos que determinan a natureza “*pública*” da información, cales son: a) que se atopen “*en poder*” dalgún dos suxeitos obrigados, e b) que fosen elaboradas ou obtidas “*no exercicio das súas funcións*”.

A amplitude no recoñecemento legal do dereito de acceso foi tamén recoñecida na Sentenza do Tribunal Supremo do 16.10.2017, rec. 75/2017, segundo a cal:

“En la Ley 19/2013 queda reconocido el derecho de acceso a la información pública como un auténtico derecho público subjetivo, al establecer que “Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105.b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley ” (artículo 12); que la Exposición de Motivos de la Ley configura de forma amplia ese derecho de acceso a la información pública, del que son titulares todas las personas, y que podrá ejercerse sin necesidad de motivar la solicitud; que este derecho solamente se verá limitado en aquellos casos en que así sea necesario por la propia naturaleza de la información -derivado de lo dispuesto en la Constitución Española- o por su entrada en conflicto con otros intereses protegidos; y, en fin, que, en todo caso, los límites previstos se aplicarán atendiendo a un test de daño (del interés que se salvaguarda con el límite) y de interés público en la divulgación (que en el caso concreto no prevalezca el interés público en la divulgación de la información) y de forma proporcionada y limitada por su objeto y finalidad”.

Quinto. Análise do expediente.

Tal e como se recolleu nos antecedentes desta resolución, o interesado solicitou con data do 24.2.2026 á Presidencia da Xunta de Galicia o acceso ao memorando de entendemento asinado coa empresa ... o 1.1.2021, sinalando

o interesado que esta solicitude se presentou tras realizar o presidente da Xunta unhas declaracións públicas nas que manifestou coñecer o documento.

Tras a presentación da solicitude, e tal e como consta no expediente e indica tamén o interesado, a solicitude de acceso foi trasladada á Consellería de Economía e Industria dende a Presidencia da Xunta, ao considerar que *“se trata de una petición de información relacionada coas competencias de Economía e Industria”*.

Mediante Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria do 30.4.2026 inadmitiuse a solicitude de acceso do interesado cos seguintes argumentos:

- A sociedade Impulsa Galicia, que é a que elaborou o documento, é unha sociedade mercantil mixta, na que a participación da Xunta non é superior ao 50%, polo que non é un suxeito obrigado consonte coa normativa reguladora do dereito de acceso. Sinala neste sentido a resolución como *“A información, polo tanto, elaborada ou adquirida por Impulsa Galicia, suxeito fora do ámbito de aplicación da lexislación de transparencia, non entra no concepto obxectivo de información pública”*.
- A solicitude é manifestamente repetitiva pois, a xuízo da Resolución do 30.4.2026, *“a persoa solicitante, como se deduce dos seus escritos, xa é coñecedora das respostas que se teñen dado sobre esta mesma materia, resposta que, ata agora, foron confirmadas pola Comisión en fase de recursos e que todas elas resultan actos consentidos e firmes”*. Conclúe, así, a Resolución do 30.4.2026 indicando que *“a reiteración dunha solicitude sobre a mesma materia constitúe motivo suficiente para a súa inadmisión”*.

O interesado, mediante comunicación dirixida a esta Comisión o 4.5.2026, manifestou a súa oposición á Resolución do 30.4.2026, salientando que el solicitou a información á Presidencia da Xunta de Galicia, e non á Consellería de Economía e Industria.

Pois ben, formulada a cuestión nestes termos, cómpre xa entrar a analizar o acomodo a Dereito da Resolución do 30.4.2026, que inadmitiu a solicitude de acceso do agora reclamante.

O primeiro dos argumentos empregados para o efecto pola Consellería céntrase no feito de que a sociedade Impulsa Galicia non é un suxeito obrigado pola normativa de transparencia, de acordo co disposto no artigo 2.g) da LTAIP e 3 a) da LTBG. En particular, o artigo 2 g) da LTAIP, ao regular o seu ámbito subxectivo de aplicación, alude ás sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, das entidades previstas neste artigo, sexa superior ao 50%. E o artigo 2 a) da LTAIP suxeita á norma legal ao sector público autonómico de Galicia, no que se integran as entidades instrumentais de acordo co previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, cuxo artigo 102 delimita as sociedades públicas autonómicas nos seguintes termos:

“Son sociedades mercantís públicas autonómicas as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesta lei.

2. Ademais, seranlles aplicables as disposicións contidas nesta lei ás sociedades mercantís que, sen teren a natureza de sociedades mercantís autonómicas, se atopen nalgún dos seguintes supostos:

a) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei dispoñan da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.

b) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei teñan dereito a nomear ou a separar a maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.

3. A Xunta de Galicia poderá participar no capital das sociedades mercantís, calquera que sexa a súa forma ou obxecto social, cando o Consello da Xunta, logo do informe da Consellería de Facenda, o considere conveniente para o cumprimento de finalidades concretas de política económica. Agás o disposto por normas especiais, a participación da Xunta non será inferior ao 10% nin superior ao 50% do capital social das devanditas sociedades”.

O argumento esgrimido pola Resolución do 30.4.2026 para inadmitir a solicitude de acceso do interesado obvia que o reclamante non solicitou a Impulsa Galicia o memorando de entendemento coa empresa ..., senón á Administración autonómica, en concreto, á Presidencia da Xunta de Galicia.

Isto é, non se trata de dilucidar se Impulsa Galicia é un suxeito obrigado ou non, extremo que semella claro á luz do disposto na LTAIP e LTBG, senón se a Administración autonómica, en particular, a Presidencia da Xunta de Galicia ten no seu poder o mencionado memorando tras adquirilo no exercicio das súas competencias, suposto incluído na definición de información pública recollida no artigo 13 da LTAIP.

Deste xeito, sen entrar a cuestionar o feito de que Impulsa Galicia era un suxeito non incluído no ámbito de aplicación da LTAIP e LTBG, o certo é que non pode compartirse este primeiro argumento que emprega a Resolución do 30.4.2026 para inadmitir a solicitude de acceso do 24.2.2026 pois, como se sinalou, a información non se solicitaba a Impulsa Galicia, senón á Presidencia da Xunta de Galicia.

En segundo lugar, a Resolución do 30.4.2026 sustenta a inadmisión da solicitude de acceso no feito de que o reclamante xa presentou outras solicitudes co

mesmo obxecto, o que, a xuízo da Consellería de Economía e Industria, obriga a entender que a solicitude do 24.2.2026 é manifestamente repetitiva, procedendo, en consecuencia, a inadmisión da reclamación de acordo co previsto no artigo 18.1 e) da LTAIP.

A interpretación desta causa de inadmisión foi realizada polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no Criterio 3/2016, do 14 de xullo, nos seguintes termos:

“En los términos de la Ley, para que la solicitud pueda ser inadmitida, se requiere. A) Que sea repetitiva y B) Que esta característica sea manifiesta.

Por lo tanto, y toda vez que es requisito derivado de los términos en los que se pronuncia la Ley que la solicitud sea, no sólo repetitiva, sino que lo sea manifiestamente, procede interpretar qué se entiende por solicitud manifiestamente repetitiva:

Una solicitud será MANIFIESTAMENTE repetitiva cuando de forma patente, clara y evidente:

- *Coincida con otra u otras presentadas anteriormente por el mismo o los mismos solicitantes y hubiera sido rechazada por aplicación de alguno de los límites del artículo 14 o 15 de la LTAIBG o por concurrir alguna causa de inadmisión en los términos del artículo 18.*

En todo caso, la repuesta debe haber adquirido firmeza por el transcurso de los plazos de reclamación o recurso contencioso-administrativo sin que éstos se hubieran interpuesto o cuando, habiéndose presentado, hubieran sido definitivamente resueltos y la denegación o inadmisión hubiese sido avalada por el Consejo de Transparencia y Buen Gobierno u órgano autonómico equivalente competente o por el órgano judicial correspondiente.

- *Coincida con otra u otras presentadas anteriormente por el mismo o los mismos solicitantes y, habiéndose admitido a trámite, se hubiera ofrecido ya la información sin que hubiera existido ninguna modificación real o legal sobre los datos en su momento ofrecidos.*

En estos casos, deberá justificarse adecuadamente la ausencia de modificación de los datos inicialmente ofrecidos.

- *El solicitante o solicitantes conocieran de antemano el sentido de la resolución por habérsela comunicado en un procedimiento anterior por el órgano informante.*
- *Cuando fueran de respuesta imposible, bien por el contenido o por razones de competencia y así se hubiera notificado y justificado al solicitante de información”.*
- *Coincidan con otra u otras dirigidas al mismo órgano en períodos de tiempo inferiores a los plazos de tramitación legalmente previstos, de tal forma que las solicitudes presentadas previamente no hubieran finalizado su tramitación”.*

Así mesmo, a interpretación desta causa de inadmisión, como as das restantes relacionadas no artigo 18.1 LTAIP, ha de ter lugar cun carácter restritivo. Neste sentido se pronunciou a Sentenza do Tribunal Supremo do 16.10.2017, rec. 75/2017, ao salientar o amplo recoñecemento legal do dereito de acceso “*sin que quepa aceptar limitaciones que supongan un menoscabo injustificado y desproporcionado del derecho de acceso a la información*”.

E é aquí que, considerando estes parámetros, o carácter restritivo que ha de presidir a interpretación e aplicación das causas de inadmisión, así como a esixencia legal de que a solicitude sexa “*manifestamente*” repetitiva, impiden a esta Comisión a apreciación da referida causa de inadmisión.

Neste sentido debe salientarse que as solicitudes de acceso previas ás que fai a referencia a Resolución do 30.4.2026 son disímiles á que agora nos ocupa. En particular, a solicitude de acceso que deu lugar á RSCTG 309/2025 foi presentada por outro interesado, e a solicitude que deu lugar á RSCTG 74/2025, aínda que presentada polo interesado, se dirixiu á Consellería de Economía e Industria, mentres que a solicitude que agora nos ocupa foi dirixida á Presidencia da Xunta de Galicia, ao entender o agora reclamante, a raíz dunhas declaracións

públicas do presidente da Xunta, que este departamento si ten no seu poder o memorando de entendemento asinado con ... o 1.1.2021.

Esta circunstancia impide a apreciación do carácter repetitivo da solicitude, dun xeito manifesto tal e como esixe a LTAIP, no sentido de notorio, evidente e palmario, pois o suxeito ao que se dirixiu a solicitude de acceso, a Presidencia da Xunta de Galicia, non é o mesmo ao que o interesado solicitou a información con anterioridade.

A maior abastanza, cómpre salientar que tampouco a inadmisión da solicitude do interesado semella que poida atopar un axeitado encaixe no suposto previsto no Criterio 3/2016, do 14 de xullo, relativo ás solicitudes que *“fueran de respuesta imposible, bien por el contenido o por razones de competencia y así se hubiera notificado y justificado al solicitante de información”*. E isto, porque á marxe doutras consideracións, ao agora reclamante non se lle chegou a xustificar a imposibilidade da resposta á súa solicitude.

Polo tanto, tampouco este segundo motivo de inadmisión da solicitude de acceso do agora reclamante, pode ter unha favorable acollida por esta Comisión da Transparencia.

O ata aquí referido comporta que, a criterio desta Comisión, a solicitude de acceso do 24.2.2026 non debeu ser inadmitida pola Consellería de Economía e Industria.

No entanto, esta circunstancia non pode comportar nin a asunción acrítica da tese do reclamante de que o memorando estea en poder da Presidencia da Xunta de Galicia, nin tampouco o recoñecemento do dereito de acceso do reclamante ao memorando por parte da Consellería de Economía e Industria.

En efecto, é preciso sinalar que as meras declaracións públicas da persoa titular da Presidencia Xunta de Galicia indicando que é coñecedora do documento, en ningún caso implican que o memorando sexa información pública en poder da Presidencia, pois esta circunstancia implicaría que o memorando foi adquirido no exercicio das súas competencias, o que rexeitou a Presidencia ao remitir a solicitude á Consellería de Economía e Industria.

Por outra banda, malia a improcedencia da inadmisión da reclamación presentada por parte da Consellería de Economía e Industria, é forzoso recoñecer que a Resolución do 30.4.2026 sinala que o memorando “*non foi elaborado nin adquirido por ningún dos suxeitos obrigados no exercicio das súas funcións*”, o que, á luz do previsto no artigo 13 da LTAIP exclúe, de por si, a circunstancia de que o memorando poida configurarse como información pública.

Deste xeito, ao non existir a información pública que se solicita, en canto obxecto do dereito de acceso, o xuízo desta Comisión ha de ser favorable á desestimación da reclamación presentada polo interesado.

En base aos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA

Primeiro: Desestimar, nos termos indicados no corpo desta resolución, a reclamación presentada por . . . contra a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria do 30.4.2026, pola que se inadmitiu a súa solicitude de acceso formulada o 24.2.2026.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de



Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Andrés Lago Louro

Presidente da Comisión da Transparencia.